

Programación didáctica
2019-2020

DEPARTAMENTO
DE LINGUA E
LITERATURA
GALEGA

Jr
g

IES TORRENTE BALLESTER

B

Táboa de contido

1. Introducción e contextualización.....	5
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	5
3. Desenvolvemento do currículo da materia.....	10
3.1. 1º ESO	10
3.1.1. Contidos	10
3.1.2. Criterios de avaliación	15
3.1.3. Estándares de aprendizaxe	19
3.1.4. Temporalización	27
3.1.5. Mínimos para superar a materia.	46
3.2. 2º ESO	47
3.2.1. Contidos	47
3.2.2. Criterios de avaliación	58
3.2.3. Estándares de aprendizaxe	78
3.2.5. Mínimos para superar a materia.	123
3.3. 3º ESO	124
3.3.1. Contidos	124
3.3.2. Criterios de avaliación	129
3.3.3. Estándares de aprendizaxe	133
3.3.4. Temporalización	142
3.3.5. Mínimos para superar a materia	157
3.4. 4º ESO	159
3.4.1. Contidos	159
3.4.2. Criterios de avaliación	163
3.4.3. Estándares de aprendizaxe	168
3.4.4. Temporalización	179
3.4.5. Mínimos para superar a materia	202
3.5. 1º BACAHARELATO	204
3.5.1. Mínimo superar a materia. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.....	204
3.5.2. Contidos e temporalización	206
3.6. 2º BACHARELATO	211
3.6.1. Concreción estándares. Contidos. Actividades e temporalización.	211
3.6.2. Mínimos esixidos para superar a materia.	219

4.	Materiais e recursos didácticos.....	220
4.1.	Obras de lectura.....	221
4.1.1.	1º ESO.....	221
4.1.2.	2º ESO.....	222
4.1.3.	3º ESO.....	223
4.1.4.	4º ESO.....	225
4.1.5.	1º Bacharelato.....	226
4.1.6.	2º Bacharelato.....	226
5.	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. .	226
5.1.	Procedementos de avaliación.....	226
5.2.	Instrumentos de avaliación.....	227
5.3.	Criterios de cualificación.....	227
5.3.1.	ESO.....	227
5.3.2.	Bacharelato.....	229
5.3.2.1	1º Bacharelato.....	229
5.3.2.2.	2º Bacharelato.....	233
6.	Recuperación e avaliación da materia pendente.	234
6.1.	Confidos.....	234
6.2.	Programa de reforzo para a recuperación da materia pendente dos cursos anteriores.	234
6.2.1.	ESO.....	234
6.2.2.	Bacharelato.....	234
6.3.	Avaliación.....	234
6.3.1.	ESO.....	234
6.3.2.	Bacharelato.....	235
7.	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	235
7.1	Rexistro para a auto-avaliación do profesorado: Planificación.....	235
7.2.	Rexistro para a auto-avaliación do profesorado: Motivación do alumnado.....	236
7.3.	Rexistro para a auto-avaliación do profesorado: Desenvolvemento do ensino.....	236
7.4.	Rexistro para a auto-avaliación do profesorado: Seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.....	236
8.	A Avaliación inicial.....	237
8.1.	Análise das aprendizaxes imprescindible que non se impartiron no curso	

2019-2020.....	237
9. Medidas de atención á diversidade.....	238
10. Actividades complementarias e extraescolares.....	240
11. Alumnado en corentena, Educación a distancia ou semi-presencial. 240	
11.1. Metodoloxía	241
11.2. Comunicación	242
11.3. Avaliación.....	242

1. Introducción e contextualización.

Durante o curso 2020-2020 o Departamento de Lingua e literatura galega do IES Torrente Ballester constará dos seguintes membros:

MEMBRO	CARGO	GRUPOS
Rosa Monné Enríquez	Xefa de departamento	LG (2ºA/B/C/D BAC) LG (4ºA ESO)
Henrique Egea Lapina	Director	Reforzo LG 2º ESO (2ºA/B)
Mª Dolores Valiño Ferrín	Coordinadora do equipo de dinamización lingüística	LG(3ºA/B/C/D ESO) LG (1ºA BAC)
Breixo de Santiago Pita	Substitución de Mª Dolores	
Begoña Davila Davila		LG(1º A/B/C/D/E ESO)
Irene Santiago Martínez	Titora	LG (2º A/B/C/D/E ESO)
Francisco Martínez Hidalgo	Titor	LG (4º B/C/D ESO) LG (1º B/C/D) BAC

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

As competencias son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe tratarse dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao rematar a etapa académica, serán capaces de transferir os coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas formas de acción e novas habilidades que lles permitan executar eficientemente as tarefas, favorecendo unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

Comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:

- A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- A compoñente pragmático-discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; ademais, tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe unha compoñente persoal que intervéen na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos

contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns e cidadás responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, á química, á bioloxía, á xeoloxía, ás matemáticas e á tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial

para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se

dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuindo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e

expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

3. Desenvolvemento do currículo da materia.

3.1. 1º ESO

3.1.1. Contidos

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.

1.1 Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.

1.2 Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e académico (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).

1.3 Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.

1.4 Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.

1.5 Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.

1.6 Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

1.7 Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

1.8 Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).

1.9 Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.

1.10 Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

2.1 Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

2.2 Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.

2.3 Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.

2.4 Comprensión e interpretación de textos do ámbito académico, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.

2.5 Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

2.6 Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.

2.7 Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

2.8 Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.

2.9 Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

2.10 Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

2.11 Produción, en soporte papel ou dixital, de textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.

2.12 Produción, en soporte papel ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

2.13 Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.

2.14 Auto avaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

3.1 Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

3.2 A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.

3.3 Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.

3.4 Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

3.5 Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.

3.6 Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio...) así como a

diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.

3.7 Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.

3.8 Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.

3.9 Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.

3.10 Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

3.11 Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de auto avaliación, aceptando o erro como parte do proceso.

3.12 Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

3.13 Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE.

4.1 Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.

4.2 O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.

4.3 A lusofonía

4.4 Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.

4.5 Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.

4.6 Situación sociolingüística e legal das linguas de España.

4.7 Os prexuízos lingüísticos.

4.8 Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatómicas do galego.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

5.1 Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentado coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.

5.2 Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

5.3 Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.

5.4 Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.

5.5 Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

5.6 Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

5.7 Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

5.8 Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

3.1.2. Criterios de avaliación

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.

1.1 Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.

1.2 Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

1.3 Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.

1.4 Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

1.5 Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.

1.6 Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

1.7 Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

1.8 Participar activamente en situacións propias do ámbito académico (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expoñer conclusións).

1.9 Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

1.10 Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

2.1 Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

2.2 Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.

2.3 Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.

2.4 Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito académico do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, información de dicionarios, enciclopedias en distintos soportes.

2.5 Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

2.6 Mostrar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

2.7 Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

2.8 Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.

2.9 Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións

sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

2.10 Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

2.11 Producir, en soporte papel ou dixital, textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.

2.12 Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

2.13 Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.

2.14 Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

3.1 Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.

3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

3.3 Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte,

para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.

3.4 Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

3.5 Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.

3.6 Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.

3.7 Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.

3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).

3.9 Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.

3.10 Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

3.11 Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de auto avaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

3.12 Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

3.13 Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE.

4.1 Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüísimo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

4.2 Describir e analizar a situación socio-lingüística de Galicia a partir do estudo das diferentes contornas familiares do alumnado.

4.3 Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

4.4 Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

4.5 Identificar os prexuizos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

4.6 Recoñecer e apreciar as variantes diatómicas do galego.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

5.1 Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentado coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

5.2 Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

5.3 Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.

5.4 Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.

5.5 Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

5.6 Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

5.7 Describir e caracterizar os trazos dormitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.

5.8 Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

3.1.3. Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.

1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).

1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.

1.2.1 Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e académico.

1.2.2 Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

1.3.1 Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).

1.3.2 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado da linguaxe non verbal.

1.4.1 Idéntica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.

1.4.2 Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.

1.4.3 Idéntica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.

1.5.1 Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

1.5.2 Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.

1.6.1 Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.

1.6.2 Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.

1.6.3 Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.

1.7.1 Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

1.7.2 Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, n velar, fonema fricativo palatal xordo).

1.7.3 Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).

1.7.4 Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

1.8.1 Intervén en debates e coloquios do ámbito académico, respectando as regras de interacción.

1.8.2 Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.

1.9.1 Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

1.9.2 Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade

1.9.3 Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.

1.9.4 Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.

1.9.5 Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.

1.9.6 Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

1.10.1 Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

1.10.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

2.1.1 Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.

2.1.2 Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.

2.1.3 Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.

2.1.4 Busca o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.

2.1.5 Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).

2.1.6 Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.

2.1.7 Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.

2.2.1 Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.

2.3.1 Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.

2.4.1 Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida académica: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.

2.4.2 Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.

2.5.1 Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

2.6.1 Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

2.6.2 Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais, sexistas.

2.7.1 Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.

2.7.2 Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.

2.7.3 Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.

2.8.1 Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.

2.8.2 Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.

2.8.3 Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.

2.8.4 Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).

2.8.5 Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

2.9.1 Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

2.10.1 Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

2.10.2 Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.

2.11.1 Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.

2.12.1 Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

2.13.1 Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.

2.13.2 Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.

2.14.1 Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.

2.14.2 Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

3.1.1 Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.

3.2.1 Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.

3.3.1 Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.

3.4.1 Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

3.4.2 Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.

3.5.1 Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.

3.6.1 Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.

3.7.1 Recoñece e explica nos textos as referencias déicticas persoais.

3.8.1 Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.

3.9.1 Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.

3.9.2 Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.

3.10.1 Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

3.11.1 Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e auto avaliación.

3.12.1 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

3.13.1 Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE.

4.1.1 Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.

4.1.2 Coñece as linguas que se falan en Galicia.

4.1.3 Coñece os territorios que forman parte da comunidade lousouna.

4.1.4 Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música, xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.

4.2.1 Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo da súa contorna familiar e a do resto do alumnado.

4.2.2 Coñece e valora os antropónimos galegos.

4.3.1 Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

4.4.1 Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.

4.5.1 Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna.

4.6.1 Aprecia as variantes diatómicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.

4.6.2 Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

4.6.3 Coñece as principais variantes diatómicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

5.1.1 Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentado coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

5.2.1 Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.

5.2.2 Diferenza textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

5.3.1 Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.

5.4.1 Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.

5.5.1 Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.

5.6.1 Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

5.7.1 Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística .

5.7.2 Idéntica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.

5.7.3 Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.

5.7.4 Idéntica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.

5.8.1 Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

3.1.4.Temporalización

1ª AVALIACIÓN

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR 4 sesións

B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.

- Escoita activa das intervencións alleas.

B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

- Expresión oral: narración breve relacionada coa lectura

B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).

- O faladoiro ou coloquio.
- Expresión oral: coloquio sobre as tarefas domésticas.

- Intercambio de opinións e exposición de conclusións en equipo.
- Expresión oral: coloquio sobre un tema de interese persoal.
- Reflexión oral sobre o léxico empregado no texto.

B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.

- Expresión oral: entrevista por parellas

B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.

- Reflexión oral a falar dos textos.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR 4 sesións

B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.

Actividades de comprensión textual.

- Análise de textos breves
- Busca de información complementaria.

B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.

- Investigación sobre plurilingüísmo en Europa.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

- Lectura expresiva e comprensiva dun texto narrativo

B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.

- A adecuación.
- A coherencia
- A comunicación e os seus elementos: emisor, receptor, mensaxe, código e canle.
- Da palabra ao texto: palabra, frase, oración, parágrafo e texto.
- Reflexión sobre o texto: rexistros lingüísticos.
- O tema.
- O título e a idea principal

B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições ,narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.

- Expresión escrita: redacción dun breve texto instrutivo.
- Expresión escrita: narración breve sobre a temática da lectura.
- Expresión escrita: redacción dun guión de banda deseñada.
- Expresión escrita: redacción dun breve texto relacionado coa lectura

B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.

- Emprego do procesador de textos.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA 14 sesións

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- Os antónimos. O campo semántico do corpo, os sentimentos e o carácter, a saúde e a enfermidade, a roupa e os complementos.
- A formación de palabras: derivación, composición e parasíntese.
- Reflexión lingüística: frases feitas.

B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias

- Práctica de pronuncia

B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

- Reflexión lingüística: o acento diacrítico.
- Reflexión lingüística: colocación dos pronomes.
- alfabeto: letras e dígrafos.
- Vogais e consoantes.
- Os sons vocálicos do galego.
- A sílaba. Tipos de sílabas e tipos de palabras segundo o seu número de sílabas.
- Ditongo, tritongo e hiato.
- Normas para a partición de palabras a final de liña.
- As regras de acentuación ortográfica.
- Palabras de acentuación dubidosa.
- Revisión das regras ortográficas : b/v, z/c, g/gü/gu, r/rr, h, grupos consonánticos...

B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.

- O substantivo.
- Clasificación semántica dos substantivos.
1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de diversos tipos de textos (orais e escritos; do ámbito persoal e social; dos medios de comunicación; narracións, descricións, diálogos, instrucións, exposicións e argumentacións)
2. Diferencia as ideas principais e a secundarias e identifica a intención comunicativa en diferentes tipos de textos.
3. Recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solución para melloralas.
4. Produce textos orais e escritos adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
5. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.
6. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios, e outras fontes de información, tanto en versión impresa como dixital.
7. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
8. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.

9. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.
10. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
11. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
12. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.
13. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego.
14. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.
15. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.
16. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo local.
17. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega, rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
18. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais e escritos propios e alleos. Trata de evitalos e trata, tamén, de propor solucións para a súa mellora.
19. Coñece as características principais (temáticas e formais) dos xéneros e subxéneros literarios
20. Le con regularidade obras literarias e desenvolve o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia persoal e outros coñecementos adquiridos.

3.3. 3ºESO

3.3.1 Contidos

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.

1.1 Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.

1.2 escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.

1.3 Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.

1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas).

1.5 Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.

1.6 Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

1.7 Participación activa en situacións propias do ámbito académico e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

1.8 Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

1.9 Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

1.10 Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

2.1 Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

2.2 Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.

2.3 Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.

2.4 Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta).

2.5 Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.

2.6 Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.

2.7 Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.

2.8 Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.

2.9 Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, intervencións en foros.

2.10 Produción, en soporte papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.

2.11 Produción, en soporte papel ou dixital, de textos expositivos do ámbito académico a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.

2.12 Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

2.13 Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.

2.14 Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

3.1 Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.

3.2 Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

3.3 Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).

3.4 A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.

3.5 Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.

3.6 Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.

3.7 Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.

3.8 Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.

3.9 Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.

3.10 Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.

3.11 Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.

3.12 Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

3.13 Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE.

4.1 Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e sinal de identidade dun pobo.

4.2 O plurilingüísimo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüísimo.

4.3 A lusofonía.

4.4 Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula, barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.

4.5 O proceso de normalización, desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.

4.6 A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

4.7 Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.

4.8 Os prexuízos lingüísticos.

4.9 Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

5.1 Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

5.2 Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

5.3 Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensáísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

5.4 Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

5.5 Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.

5.6 (Re)creación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

3.3.2. Criterios de avaliación

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.

Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.

Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.

Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito académico (presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.

Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas.

Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Participar activamente en situación propias do ámbito académico e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou académica.

Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.

Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.

Comprender e interpretar textos de carácter académico, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.

Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.

Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.

Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.

Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.

Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, intervencións en foros.

Producir, en soporte papel ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.

Producir, en soporte papel ou dixital, textos expositivos do ámbito académico: informes, proxectos sobre tarefas académicas das distintas materias curriculares.

Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.

Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.

Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.

Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.

Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

Analizar e usar correctamente a puntuación.

Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.

Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.

Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.

Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.

Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE.

Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüístico como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.

Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.

Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.

Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.

Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.

Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

3.3.3. Estándares de aprendizaxe

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR.

LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, crónicas, reportaxes).

LGB1.1.2 Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.

LGB1.2.1 Diferenza as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes, crónicas.

LGB1.2.2 Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.

LGB 1.2.3 Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.

LGB1.3.1 Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

LGB1.3.2 Recoñece a intención comunicativa dos textos.

LGB1.3.3 Diferenza as explicacións dos argumentos.

LGB1.4.1 Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito académico e elabora un esquema ou resumo.

LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.

LGB1.5.1 Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).

LGB1.5.2 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.

LGB 1.6.1 Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea coa práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.

LGB 1.6.2 Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.

LGB 1.6.2 Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.

LGB 1.7.1 Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.

LGB 1.7.2 Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.

LGB 1.7.3 Avalía as intervencións propias e alleas.

LGB 1.7.4 Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.

LGB 1.8.1 Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

LGB 1.8.2 Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das 7 vogais, n velar, fonema fricativo palatal xordo).

LGB 1.8.3 Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada

LGB 1.8.4 Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos, a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.

LGB 1.8.5 Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.

LGB 1.8.6 Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.

LGB 1.8.7 Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica, castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

LGB 1.9.1 Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.

LGB 1.9.2 Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.

LGB 1.9.3 Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.

LGB 1.9.4 Realiza e explica resumos ou exposicións académicas sinxelas.

LGB 1.10.1 Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

LGB 1.10.2 Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

LGB 2.1.1 Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas, resumos.

LGB 2.1.2 Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.

LGB 2.1.3 Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.

LGB 2.1.4 Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.

LGB 2.2.1 Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, regulamentos.

LGB 2.2.2 Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos, escollas léxicas) coa tipoloxía textual: convocatoria, actas de reunión, regulamentos.

LGB 2.3.1 Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.

LGB 2.3.2 Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.

LGB 2.4.1 Comprende e interpreta textos propios do ámbito académico, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.

LGB 2.4.2 Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.

LGB 2.4.3 Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.

LGB 2.5.1 Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.

LGB 2.5.2 Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.

LGB 2.6.1 Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.

LGB 2.7.1 Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.

LGB 2.7.2 Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB 2.8.1 Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.

LGB 2.8.2 Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica, entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.

LGB 2.9.1 Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relación sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións, intervencións en foros.

LGB 2.10.1 Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.

LGB 2.11.1 Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.

LGB 2.11.2 Usa correctamente elementos formais nos traballos académicos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos...

LGB 2.12.1 Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.

LGB 2.12.2 Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.

LGB 2.12.3 Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.

LGB 2.12.4 Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.

LGB 2.12.5 Usa elementos lingüísticos e discursivos para acadar a coherencia e cohesión interna (conectores, tratamento de formas verbais).

LGB 2.12.6 Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).

LGB 2.13.1 Usa as TIC (procesadores de textos, correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.

LGB 2.14.1 Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

LGB 3.1.1 Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.

LGB 3.2.1 Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.

LGB 3.2.2 Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.

LGB 3.3.1 Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.

LGB 3.3.2 Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.

LGB 3.4.1 Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.

LGB 3.5.1 Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resollen as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.

LGB 3.6.1 Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.

LGB 3.7.1 Revisa os textos para puntuar correctamente.

LGB 3.8.1 Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.

LGB 3.9.1 Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.

LGB 3.10.1 Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.

LGB 3.11.1 Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.

LGB 3.12.1 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos Elementos Transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

LGB 3.13.1 Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE.

LGB 4.1.1 Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.

LGB 4.1.2 Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.

LGB 4.1.3 Valora o plurilingüístico inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.

LGB 4.1.4 Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.

LGB 4.1.5 Coñece os territorios que forman parte da comunidade lousouna e a importancia desta na vida social e económica galega.

LGB 4.1.6 Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).

LGB 4.2.1 Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.

LGB 4.2.2 Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.

LGB 4.2.3 Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.

LGB 4.3.1 Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.

LGB 4.3.2 Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.

LGB 4.3.3 Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

LGB 4.4.1 Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

LGB 4.4.2 Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

LGB 4.4.3 Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

LGB 4.4.4 Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

LGB 4.4.5 Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

LGB 4.5.1 Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.

LGB 4.6.1 Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na da súa contorna.

LGB 4.7.1 Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.

LGB 4.7.2 Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.

LGB 4.7.3 Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA.

LGB 5.1.1 Identifica as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

LGB 5.1.2 Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.

LGB 5.2.1 Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.

LGB 5.2.2 Le autonomamente obras ou textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGB 5.2.3 Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGB 5.2.4 Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da época(s)/ período(s).

LGB 5.3.1 Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

LGB 5.3.2 Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.

LGB 5.4.1 Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da Literatura Galega desde a Idade Media ata 1916.

LGB 5.5.1 Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.

LGB 5.5.2 Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.

LGB 5.6.1 Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

LGB 5.6.2 Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

3.3.4. Temporalización

1ª AVALIACIÓN

BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA: COMPETENCIAS (CCL, CCEC, CD). 6 sesións.

B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

- A Galicia medieval.
- A literatura medieval. Os cancioneros. Autores e intérpretes.
- A lírica medieval: cadro da lírica profana e relixiosa.

- A cantiga de amigo: orixe, características temáticas e valores simbólicos.
- Recursos formais nas cantigas de amigo.
- Tipos de cantigas de amigo. Escolma de textos.
- A pegada das cantigas de amigo: escolma.
- A cantiga de amor: orixe, características temáticas e recursos formais.
- Tipos de cantigas de amor: cantigas de refrán e cantigas de mestría. Escolma de cantigas de amor.
- A pegada das cantigas de amor: escolma.
- As cantigas de escarnio e maldicir: temas e recursos formais. Escolma
- Lírica relixiosa: as cantigas de Santa María.
- Xéneros menores: pastorelas, tenzóns e prantos.
- Prosa medieval.

B5.2. Lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega da Idade Media.

- Comentario guiado dunha cantiga de amigo, dunha de amor, escarnio e maldicir ou de Santa María.

B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas de textos poéticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.

B5.6. Recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

- Expresión escrita: cantiga de amigo e de amor.

BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR (CCL, CAA, CSC, CSIEE)2 sesións

B 1.1 Visionamento e escoita de textos orais propios dos medios de comunicación como reportaxes, documentais ou entrevistas.

- Medios de comunicación orais: a radio e a televisión.
- Características dos textos xornalísticos na radio.
- Os textos xornalísticos na televisión.
- Funcións da televisión.
- A manipulación informativa.
- Comprensión, interpretación e resumo de textos orais da literatura medieval.

B1.2. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.

B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais.

B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas da vida educativa.

- Expresión oral: descrición da vida literaria medieval.
- Expresión oral: simulación dunha conversa propia da vida cotiá.
- Expresión oral: debate informal sobre un tema de interese persoal tratado na lectura e exposición de conclusións.

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR: (CCL, CSC, CAA, CD) 4 sesións

B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.

- Lectura en voz alta.
- Lectura expresiva e comprensiva

B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

- Actividades de comprensión textual.

B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.

- Os xornais (impresos e dixitais).
- Compara varios xornais e familiarízase coa súa estrutura.
- Recoñece as pautas xerais de redacción da noticia.
- Analiza o tratamento da mesma información en dous xornais, segundo unhas pautas.
- Diferencia o tratamento informativo do tratamento valorativo en titulares de noticias.

B2.4 Comprensión, interpretación e elaboración dunha exposición sobre as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

- Comprensión, interpretación e elaboración dunha exposición sobre a literatura da Idade Media.

B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais.

- Expresión escrita: redacción dunha conversa de chat relacionada co contido da lectura.
- Expresión escrita: redacción dun breve texto descritivo sobre un personaxe.
- Expresión escrita: elaboración dun cartel para un evento relacionado co contido da lectura.
- Expresión escrita: redacción dun correo electrónico.

B2.10. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación.

- Expresión escrita: redacción dun texto de opinión breve.

B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

- Propiedades do texto: adecuación, coherencia e cohesión.
- A coherencia textual. Factores necesarios para que un texto sexa coherente. O parágrafo
- A adecuación textual

BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA: (CCL,CD, CAA) 11 sesións

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso.

- As relacións semánticas: de afinidade, de oposición e de xerarquía.
- Tipos de homónimos.
- Campo semántico.
- Familia léxica: regular e irregular.

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.

- Reflexión lingüística: fraseoloxía.
- Reflexión lingüística: familias léxicas.
- Léxico do ámbito da saúde e a sanidade.

B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

- Reflexión lingüística: locucións adverbiais de tempo.

B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).

- A palabra: lexemas e morfemas.
- Tipos de morfemas: flexivos e derivativos (prefixos e sufixos).
- Tipos de sufixos: alterativos e derivativos.
- Clases de palabras segundo a súa morfoloxía: simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
- O substantivo: o xénero e o número. Regras de formación do feminino e do plural.
- Clasificación semántica dos substantivos.
- Lexemas de orixe grega.
- O adxectivo: adxectivos explicativos e especificativos.
- Graos do adxectivo.
- Adxectivos con lexemas diferentes para o comparativo e para o superlativo.
- O grao comparativo. Uso das conxuncións comparativas.

B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.

- Reflexión lingüística: vogais tónicas.
- O sistema vocálico. Localización e grao de apertura das vogais.
- O sistema consonántico.
- Clasificación dos fonemas consonánticos.
- Definición do fonema vocálico das vogais tónicas en pares diacríticos

B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.

- Emprego do dicionario. Os dicionarios electrónicos.

B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.

- O alfabeto: letras e dígrafos.
- Correspondencias entre fonemas e grafías.
- Grafías procedentes doutras linguas.
- Reflexión lingüística: palabras con *h*.

B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.

- Frase substantiva e frase nominal. Funcións que desempeñan.

B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios. Elaboración de textos atendendo a estes valores.

- Análise da estrutura dunha noticia.
- Análise, coa axuda dun cadro, da estrutura dun poema.

B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.

- A narración: personaxes, espazo e tempo.
- Estrutura da narración.
- A voz narradora e o punto de vista.
- Lectura crítica dun texto narrativo.
- A descrición.
- Descrición obxectiva e descrición subxectiva.
- Características lingüísticas dos textos descritivos.
- Lectura crítica e comparación de textos literarios descritivos

BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE. (CCL,CSC,CD) 3 sesións

B4.1. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento

persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. A lusofonía.

- o A familia románica ou neolatina.
- o A fragmentación do latín vulgar.
- o Lusofonía. A nosa lingua irmá: o portugués.
- o Linguas de substrato e superestrato

B4.2. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.

- o Linguas en contacto: bilingüismo social, bilingüismo individual e diglosia.

B4.4. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

- o Historia social da lingua galega: o esplendor.
- o Características da lingua medieval.
- o Historia social da lingua galega: a decadencia.
- o A marxinação do galego na Idade Moderna.
- o Galego, lingua maioritaria.
- o Historia social da lingua galega: a dignificación.
- o Os ilustrados: as primeiras reivindicacións do idioma.
- o O Rexurdimento: a recuperación do galego como lingua escrita.

2ª AVALIACIÓN

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA: (CCL, CD, CCEC) 5 sesións.

B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

- o O Galego Medio: contexto histórico e sociolingüístico dos Séculos Escuros.
- o Mostras literarias dos Séculos Escuros (XVI- XVII): literatura culta e literatura popular.
- o A Ilustración (século XVIII).
- o Os precursores: Xoán Manuel Pintos e Francisco Añón.
- o O Rexurdimento: contexto socio-histórico.
- o A situación da cultura e da lingua no Rexurdimento.

- O novo pensamento: o galeguismo (o provincialismo, o federalismo, o rexionalismo e o nacionalismo).
- Rosalía de Castro: biografía e obra.
- Rosalía: muller escritora en galego.
- Contexto socio-histórico da obra de Rosalía de Castro.
- *Cantares gallegos*: estrutura, estilo e temáticas.
- *Follas novas*: estrutura, estilo e temáticas.

B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega dos Séculos Escuros e do XIX.

- Lectura comprensiva e comentario de textos do Galego medio.
- Lectura comprensiva e comentario de textos de Rosalía de Castro.

B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde os Séculos Escuros ata o XIX.

B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.

B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

- Desenvolvemento do gusto pola escrita mediante o emprego de técnicas para a recreación de textos de ficción.
- Expresión escrita: creación dun texto poético.
- Expresión escrita: creación dun texto narrativo.

BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR (CCL, CAA, CSC) 2 sesións.

B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de textos orais dos medios de comunicación (entrevistas, reportaxes) e do ámbito académico (exposicións e argumentacións).

B1.4 Preparación de debates sobre diferentes temas para favorecer o respecto ante as intervencións orais dos demais e practicar as estratexias necesarias para falar en público.

B1.9 Construción de discursos orais adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese social ou persoal da vida cotiá e educativa usando a fonética galega correcta e amosando unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR: (CCL, CSC, CAA, CD) 3 sesións.

B2.4 Comprensión, interpretación e elaboración dunha exposición sobre a literatura dos Séculos Escuros e do século XIX.

B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.

- Redacción dunha conversa de chat relacionada co contido da lectura.
- Redacción dun correo electrónico.
- Redacción dunha acta.
- Redacción dun regulamento.

B2.10. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente crónicas.

- Redacción dun texto de opinión breve.

B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

- Propiedades do texto: adecuación, coherencia e cohesión.
- A coherencia textual. Factores necesarios para que un texto sexa coherente. O parágrafo.
- A adecuación textual.
- Expresión escrita: emprego dos conectores textuais.
- Empregar diversos conectores vistos na unidade para redactar un texto breve a partir dun plano.

BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA: (CCL,CD, CAA) 8 sesións.

B3.1 Léxico relacionado coa flora. As árbores. Fraseoloxía: frases feitas relacionadas coas árbores

- Léxico relacionado co libro e as bibliotecas.
- Léxico relacionado coas tecnoloxías.

B3.2 Reflexión lingüística:

- Verbos irregulares.
- Formas nominais do verbo.
- O infinitivo conxugado: definición, formas e uso.
- As perífrases verbais: definición e valores.

B3.6 Ortografía e regras de acentuación

- Os grupos consonánticos bl, cl, fl, gl, pl, tl.
- Os grupos -ct-, -cc.-.
- O grupo [ks].
- As sílabas: sílaba tónica e sílaba átona.
- Ditongo.
- Tritongo.
- Hiato.
- Acentuación de *i*, *u* en hiato.
- Regras xerais de acentuación: palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Outros casos: monosílabos, adverbios rematados en *-mente*, vogais *i* e *u* tónicas, palabras compostas e pronomes interrogativos.

B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.

- Mecanismos de cohesión textual. Puntuación.
- O punto (punto e seguido, punto e á parte e punto final).
- Os puntos suspensivos.
- A coma.
- O punto e coma.
- Os dous puntos.
- Os puntos suspensivos.

B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.

B3.9 A cohesión textual.

- Os mecanismos de cohesión textual: repetición de palabras, substitución de palabras, deíxe, puntuación e nexos ou conectores.

- Mecanismos de cohesión textual.
- Repetición de palabras.
- Substitución de palabras (por sinónimos, hiperónimos, pronomes, adverbios, circunloquios e elipses).

B3.11 O diálogo.

- Estilo directo e estilo indirecto.
- Os verbos máis usuais no estilo indirecto.
- Lectura comprensiva dun cómic.
- A banda deseñada: características.
- A elipse narrativa.
- Os tipos de plano e o ángulo de visión.
- As palabras das bandas deseñadas.

BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE. (CCL,CSC,CD) 3 sesións.

B4.2. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.

- Linguas en contacto: bilingüismo social, bilingüismo individual e diglosia.
- Descrición da situación sociolingüística de Galicia atendendo ás causas dos prexuízos lingüísticos.
- Análise da distribución do uso do galego en función da idade e da zona xeográfica a partir de gráficos.
- Análise das consecuencias da alternancia de códigos no que respecta ao status da lingua minorizada como «lingua oculta».

B 4.4 Historia social da lingua galega: a decadencia.

- A marxinação do galego na Idade Moderna.
- Galego, lingua maioritaria.
- Historia social da lingua galega: a dignificación.
- Os ilustrados: as primeiras reivindicacións do idioma.
- O Rexurdimento: a recuperación do galego como lingua escrita.
- Distribución social das linguas no século XIX.
- Análise da situación sociolingüística do galego ao longo da súa historia.

B4.5. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
Lexislación lingüística:

- Lei de Normalización Lingüística.
H			LGB1.6.3						
			LGB1.6.4						
			LGB1.8.1		Actividades de comprensión oral				
			LGB1.8.2						
			LGB1.9.1						
			LGB1.10.1						
			LGB1.10.2						

B	B2.1	B2.1	LGB2.1.4	CCL	Elaboracións de guións para exposicións	X	X	CL	3ª avaliación
D	B2.3	B2.3	LGB2.3.1	CCA				EOE	
F	B2.5	B2.5	LGB2.3.2	CSC	EMP				
H	B2.6	B2.6	LGB2.3.3	CD	Elaboración de comentarios críticos	SeCDV			
E			LGB2.5.2			TIC			
			LGB2.5.3			NDSX			
	LGB2.6.2			Actividades de reflexión e argumentación					
E	B3.5	B3.5	LGB3.5.1	CCL	Actividades de análise sintáctica	X	X	CL	
B	B3.6	B3.6	LGB3.6.1	CAA	Actividades de análise semántica	X	X	EOE	
H	B3.7	B3.7	LGB3.7.1	CD				EMP	
P	B4.6	B4.4	LGB4.4.1	CCL	Esquemas	X	X	CL	
	B4.7	B4.5	LGB4.4.2	CCEC				EOE	
	B4.8	B4.6	LGB4.4.3	CSC				TIC	
			LGB4.4.4						EMP
			LGB4.4.5						NDSX
			LGB4.5.1						
	LGB4.6.1			Actividades de reflexión e procura de información					
E	B5.5	B5.5	LGB5.5.1	CCL	Comentarios literarios	X	X	CL	
N	B5.6	B5.6	LGB5.5.2					EOeE	

	B5.7	B5.7	LGB5.5.3		Actividades de procura información en diferentes recursos(bibliográficos, audiovisuais, dixitais..)			CA eTIC	
			LGB5.6.1					EMP	
			LGB5.6.2					ECe RED	
			LGB5.6.3						
			LGB5.7.1		Lectura e análise de obras completas				
					Elaboración esquemas, mapas conceptuais.				

3.6.2. Mínimos esixidos para superar a materia.

1. Comprende o sentido global dun texto , a súa intención comunicativa, estrutura e características
2. Recoñece o tema, as ideas principais e secundarias e traslada a información relevante a esquemas e mapas conceptuais.
3. Comprende, interpreta, analiza e valora diferentes tipos de textos(expositivos, argumentativos do ámbito académico, informativos de opinión e da publicidade)
4. Realiza producións orais planificadas e espontáneas adecuadas á situación comunicativa con coherencia, cohesión, corrección(fonética, léxica e gramatical), coa axuda das TIC e con control das emocións ao falar en público.
5. Planifica, produce e revisa textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical coa axuda. das TIC ao longo de todo o proceso.
6. Identifica e define os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.
7. Identifica e recoñece as variedades dialectais e os seus trazos característicos como parte do noso patrimonio cultural
8. Recoñece e explica o proceso de formación de palabras.
9. Analiza e explica a estrutura morfolóxica das palabras
10. Recoñece as distintas unidades sintácticas e analiza as súas funcións, empregando a terminoloxía axeitada
11. Reflexiona e explica as relacións e unidades semánticas.
12. Coñece, analiza e interpreta os prexuízos lingüísticos presentes no galego en relación á situación sociolingüística.
13. Describe e interpreta o proceso de construción da variedade estándar da lingua galega.
14. Identifica as desviacións da norma, en especial as interferencias lingüísticas e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.
15. Distingue as características lingüísticas do galego moderno (desde 1916 ata 1978)

16. Describe o contexto histórico e cultural, situación sociolingüística do galego moderno (desde 1916 até 1978)
17. Distingue as características lingüísticas, fundamentais do galego moderno desde 1978 até a actualidade
18. Describe o contexto histórico e cultural, situación sociolingüística do galego moderno desde 1978 até a actualidade.
19. Identifica analiza e describe a poesía galega de 1916 até a actualidade, autores, obras, contexto
20. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico.
21. Identifica analiza e describe a prosa galega de 1916 a actualidade, autores, obras, contexto.
22. Le e comenta textos representativos da prosa galega do 1916 até a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico.
23. Identifica analiza e describe o teatro galego de 1916 á actualidade 1936, autores, obras e contexto.
24. Le e comenta textos representativos do teatro galego do 1916 até a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico.
25. Analiza e comenta a través de probas escritas, orais ou traballos unha obra completa de cada período literario referido.

4. Materiais e recursos didácticos

No 1º ciclo da ESO utilizarase o Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) co material da editorial Rodeira en formato PDF para 1º e 2º da ESO. Este libro tamén se atopa en papel, para aquel alumnado que o prefira.

- ESO: *Lingua e literatura*. Ed. Rodeira
 - 1º ESO, ISBN 978-88-4834-9419-6
 - 2º ESO, ISBN 978-88-4834-9405-9

No 2º ciclo empregaranse os seguintes libros de texto:

- ESO: *Lingua e literatura*. Ed. Xerais.

- 3º ESO, ISBN 978-84-9914-886-1
- 4º ESO, ISBN 978-84-9121-024-5

Na ESO teremos como material complementario:

- Cadernos de traballo. Lingua e Literatura. Ed. Xerais
 - 1º ESO ISBN 978-84-9914-887-8
 - 2º ESO ISBN 978-84-9121-025-2
 - 3º ESO ISBN 978-84-9914-888-5
 - 4º ESO ISBN 978-84-9121-026-9

No Bacharelato non se utilizará un libro de texto. Todo o material necesario para o desenvolvemento da materia aparecerá na Aula Virtual do Centro, no curso correspondente.

Entre outros materiais e recursos poderanse propor aos alumnos páxinas web (blogs), gravacións de son en diversos soportes (casetes, mp3,...), vídeos e material multimedia (películas, documentais), textos en papel (enciclopedias, libros, apuntamentos, artigos, esquemas...), explicacións de viva voz con ou sen apoio textual ou das TIC (esquemas, apuntamentos, presentacións...) emitidas polo profesor, por colaboradores ou polos mesmos alumnos, diálogos preparados ou espontáneos e calquera outro material que se considere funcional para o obxectivo pretendido.

Alén disto a biblioteca será un espazo integrado na programación para a consulta de todo tipo de fontes documentais.

4.1. Obras de lectura

A listaxe serve como referencia para a profesora ou profesor do nivel. En todo caso en todos os cursos agás en 1º e 2º de bacharelato, establécese unha lectura mínima por avaliación. As lecturas voluntarias poderán incrementar **até un punto** na nota media final do curso.

4.1.1. 1º ESO

- A expedición do Pacífico, Marilar Aleixandre, Xerais
- Agueda e o misterio dos calcetíns. Paula Señarés, Galaxia
- Alaia e a deusa. Tomás González Ahola, Urco Editora
- A malvada María Xosé, Miguel Vázquez Freire, Xerais
- Amigos en tempo real, Ramiro J. Álvarez, Galaxia

- As aventuras de Sherlock Holmes, Arthur Conan Doyle
- As de moscapara Anxo , Fina Casalderrey, Anaya
- Camiño perigoso, Ánxela Loureiro, Xerais
- Contos da montaña, Anxel Fole. Galaxia
- Contos de lobos, Anxel Fole. Galaxia
- Contos para Manuela, Mario Pereira, Alfaguara
- Contos por palabras, Agustín Fernández Paz, Xerais
- De como o santo dos croques se fai peregrino, Pepe Carballude, SM
- Dos arquivos do trasno, Rafael Dieste. Galaxia
- Estanislao, príncipe de Sofrovia, Manuel Lourenzo González, Xerais
- Fortunato de Trasmundi, Darío Xohan Cabana. Galaxia.
- Intercambio cun inglés, Christine Nostlinger, Oxford
- Ketumba Ketumba, Xerardo Quintiá. Galaxia
- Leonardo e os fontaneiros, Ma Victoria Moreno. Galaxia
- O barón rampante, Italo Calvino
- O cabaleiro inexistente, Italo Calvino
- O hobbit, J.R.R. Tolkien. Xerais
- O misterio das badaladas, Xavier P. Docampo. Xerais
- O neno inverno. María Canosa. Galaxia
- Opazo baleiro, Xabier P. Docampo. Xerais
- O segredo dapedra figueira, Ma Xosé Queizán, Xerais
- O talismán dos druídas, Pepe Carballude, Everest
- O vizconde demediado, Italo Calvino
- Os mornias, Lola González, Xerais
- Pel de lobo, Xosé Miranda . Xerais
- Retrincos. Un ollo de vidro, A.D.R. Castelao. Galaxia
- Trece anos de Branca, Agustín Fernández Paz, Edebé
- Unha pantasma no colexio, Manuel Lourenzo González, Edebé

4.1.2. 2º ESO

Lecturas obrigatorias :

Listaxe lecturas voluntarias a título de orientación:

- Agardarei por ti en África. Blanca Álvarez. Planeta-Oxford
- A expedición do Pacífico, Marilar Aleixandre, Xerais
- Águeda e o misterio dos calcetíns. Paula Señarés, Galaxia
- A malvada María Xosé, Miguel Vázquez Freire, Xerais
- Amor dos quince anos, Marilyn, Agustín Fernández Paz, Xerais
- A pel do mundo, Berta Dávila, Galaxia
- As flores radiactivas, Agustín Fernández Paz, Xerais

- Ata que o saibas todo, Juan Kruz Igerabide, Oxford
- A teima de Xan. Antonio García Teijeiro, Galaxia
- Calquera noite pode saír o sol. Joaquín Micó. Galaxia.
- Cando petan na porta pola noite, Xabier P. Docampo, Xerais
- Cartas de amor, Fran Alonso, Xerais
- Conta as estrelas. Lois Lowry. Planeta /Oxford
- Contos azuis. Fernando Cabeza Quiles. Galaxia
- Dragal. Elena Gallego. Xerais
- Espinacas sobre rodas. Renate Welsh. Galaxia
- Estanislao, príncipe de Sofrovia, Manuel Lourenzo González, Xerais
- Intercambio cun inglés, Christine Nöstlinger, Oxford
- Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta, Leticia Costas, Xerais
- Masculino singular, Carlos Negro, Xerais
- achado do catro, Manuel Núñez Singala, Galaxia
- amor e as palabras, María Victoria Moreno, Urco Editora
- misterio das badaladas, Xavier P. DoCampo Xerais
- misterio de Portomarín. Antía Yáñez Rodríguez. Galaxia.
- pazo baleiro, Xabier P.Docampo Xerais
- Pel de lobo, Xosé Miranda Xerais
- Penúltimas tendencias, Carlos Negro, Xerais
- Pioneiras, Anaír Rodríguez, Xerais
- Pippi Mediaslongas, Astrid Lindgren, Kalandraka
- Prohibido casar, papá, Fina Casalderrey, Galaxia
- Que desfeita (contos). Paul Jennings, Galaxia
- Retrincos. Un ollo de vidro, A.D.R. Castelao Galaxia
- Sempre quente o sol, A. García Teijeiro, Alfaguara
- Tanis I o Mocoso. M. Lourenzo González. Xerais.
- Trece anos de Branca, Agustín Fernández Paz. Rodeira
- Unha historia familiar. Christine Nöstlinger, Oxford

4.1.3. 3º ESO

- Agardarei por ti en África, Blanca Álvarez, Planeta / Oxford
- A lei da rúa, Susan E. Hinton, Alfaguara.
- A lei das ánimas, Carlos G. Reigosa, Galaxia.
- A modelo descalza, Jordi Sierra i Fabra, Galaxia.
- Anagnórise, M^a Victoria Moreno, Galaxia.
- A praia dos afogados, Domingo Villar, Galaxia.
- Ariadna, Xosé Miranda, Xerais.
- A memoria da chuvia, Pedro Feijoo, Xerais.
- A sombra cazadora, Suso de Toro, Xerais.
- A sombra descalza, An Alfaya, Xerais
- As confesións de Carlota Doyle. Avi, Galaxia
- As lágrimas de Shiva, César Mallorquí, Rodeira
- As sete mortes, Carlos Vila Sexto, Galaxia
- Asústate, Merche, Fina Casalderrey, Xerais

- Cabeza de pelouro, Jean-Paul Nozière Galaxia
- Calquera noite pode saír o sol, Joaquim Micó, Galaxia
- Camiños de auga. Núñez Singala. Galaxia.
- Cartas de inverno, Agustín Fernández Paz, Xerais
- Chamando ás portas do ceo. Jordi Sierra i Fabra, Rodeira
- Comedia bífida, Manuel Núñez Singala, Galaxia
- Conta as estrelas. Lois Lowry. Planeta-Oxford
- Cordelúa, Elia Barceló, Rodeira
- Cousas, A.D.Rodríguez Castelao, Galaxia
- Debuxos no muro, Aurora Rúa, Galaxia
- De mel e fel, Patxi Zubizarreta, Xerais
- Diario dun xove maniático, Aidan Macfarlane, Ann McPerson, Xerais
- Dragal, Elena Gallego. Xerais
- Fuxe sen mirar atrás, Luis Leante. Rodeira
- Legado nos ósos, Dolores Redondo, Xerais
- Marxinados, Pepe Carballude. Galaxia
- Mecanoscrito de segunda orixe, Manuel de Pedrolo, Galaxia
- Memoria da chuvia. Pedro Feijoo. Xerais
- Mentira. Care Santos. Rodeira
- Menú de enganoso, Núñez Singala, Galaxia.
- Non hai noite tan longa, Agustín Fernández Paz, Xerais
- Nun lugar chamado guerra, Jordi Sierra i Fabra, Galaxia
- O centro do labirinto, Agustín Fernández Paz, Xerais
- O cero escuro, An Alfaya, Tambre.
- O corazón da branca de neve, Francisco Castro, Galaxia
- Ofrenda á tormenta, Dolores Redondo, Xerais
- O gardián invisible, Dolores Redondo, Xerais.
- O inferno de Marta, Pasqual Alapont, Xerais
- O lobishome de Candeán. Paula Carballeira
- Ollos de auga, Domingo Villar, Galaxia.
- O misterio de Portomarín. Antía Yáñez Rodríguez. Galaxia
- Orballo da mañá, David D. Vázquez Álvarez, Baía Edicións
- Os fillos do mar, Pedro Feijoo, Xerais
- O segredo de Marco Polo, Francisco Castro, Galaxia
- O tesouro das ánimas, Conchi Regueiro, Baía
- O último traballo do señor Luna. César Mallorquí. Rodeira
- Os nenos da varíola. María Solar. Galaxia
- Palabras envelenadas, Maite Carranza, Rodeira
- Pel de lobo. Xosé Miranda. Xerais
- Quen matou a Inmaculada de Silva?, Marina Mayoral, Xerais
- Rebeldes, S. H. Hinton, Alfaguara
- Reencontro, Fred Uhlman, Xerais
- Sete caveiras, Elena Gallego Abad, Xerais
- Tristes armas, Marina Mayoral, Xerais
- Unha historia familiar, Christine Nöstlinger, Oxford
- Unha presa de terra, Marilar Aleixandre Ir Indo Edicións
- Úrsula, a maior, Alice Vieira, SM

- Veleno tinto, Ramón Carredano Cobas, Xerais
- Verdade, Care Santos, Rodeira
- Vintedous segundos. Eva Mejuto. Xerais

4.1.4. 4º ESO

- Os nenos da variola, María Solar, Galaxia
- Cousas, Castelao, Galaxia
- Si o vello Simbad volvese ás illas, Álvaro Cunqueiro
- A esmorga, Eduardo Blanco Amor, Galaxia
- A cabeza da medusa, Marilar Aleixandre, Xerais (novela)
- A desaparición de Esme Lennox, Maggie O`Farrell, Galaxia
- A guerra dos mundos, H.G.Wells, Xerais/LVG (novela)
- A illa do tesouro, R.L.Stevenson, Xerais (novela)
- Á lus do candil, Ánxel Fole, Galaxia (relatos)
- A memoria da chuvia, Pedro Feijoo, Xerais
- Amor de tango, Mª Xosé Queizán, Xerais (novela)
- A nosa cinza, Xavier Alcalá, Galaxia.
- A praia dos afogados, Domingo Villar, Galaxia (novela)
- A sombra descalza, An Alfaya, Xerais
- Agosto do 36, Francisco Fernández Ferreiro, Xerais (novela)
- Aires da miña terra, M. Curros Enríquez.
- Anagnórise, Mª. Victoria Moreno, Galaxia.
- Antoloxía do conto galego do século XX, VV.AA.: Galaxia (relatos)
- As mans do medo , Xosé Miranda, Xerais.
- As rulas de Bakunin, A. Riveiro Coello, Galaxia
- Brooklyn follies, Paul Auster, Galaxia
- Camposanto, Fátima Peón Torres, Fundación Caixa Galicia.
- Cartas de amor, Fran Alonso, Xerais (novela)
- Cómplice, Anke de Vries, SM (novela)
- Cordelúa, Elia Barceló, Rodeira
- Diario, Ana Frank, Kalandraka Editora
- Dos arquivos do trasno, Rafael Dieste, Galaxia (relatos)
- Dr Jekyll e Mr. Hide, R.L.Stevenson, Xerais/LVG (novela)
- Durmido sobre os espellos, Jordi Sierra i Fabra, Galaxia
- Enderezo descoñecido. Taylor Kressmann. Xerais (novela).
- Frankenstein, Mary Shelley, Galaxia/LVG (novela)
- Longa noite de pedra, Celso Emilio Ferreiro (poesía)
- Lume de cobiza, Miguel Anxo Fernández , Galaxia (novela)
- Made in Galiza. Sechu Sende. Galaxia (narrativa)
- Moonkid e Liberty, Paul Kropp, Galaxia (novela)
- Morning Star, Xosé Miranda, Galaxia (novela)
- Non hai noite tan longa, Agustín Fernández Paz, Xerais(novela)
- O bosque das antas, Francisco Xosé Fernández Naval Xerais (novela)
- O clube da calceta. María Reimóndez. Xerais (narrativa)
- descenso do derradeiro ocaso, Angel de la Cruz, Sotelo Blanco.
- Cousas, Castelao, Galaxia

- O lápis do carpinteiro, Manuel Rivas, Xerais (novela)
- O neno do pixama a raias, John Boyne, Factoria K (novela)
- Ollos de auga, Domingo Villar, Galaxia (novela)
- Os biosbardos, Eduardo Blanco Amor, Galaxia (relatos)
- Os dous de sempre, A.D. R. Castelao, Galaxia.
- Os escaravellos voan á tardiña, María Gripe, SM.
- Poetízate, Fran Alonso, Xerais (poesía)
- Que me queres, amor?, Manuel Rivas, Xerais (relatos)
- Rebeldes, S.H. Hinton, Alfaguara (novela)
- Reencontro, Fred Uhlman, Xerais
- Resistencia, Rosa Aneiros, Xerais
- Robinson Crusoe, Daniel Defoe, Edicións Xerais/LVG (novela)
- Ten o seu punto a fresca rosa, M^a Xosé Queizán Xerais (novela)
- Un bosque cheo de faias, Francisco Castro, Galaxia (novela)
- Un casoiro ben mal amañado, Bali Rai, Sotelo Blanco (novela)
- Volver, Suso de Toro, Xerais
- Xente ao lonxe, Eduardo Blanco Amor, Galaxia

4.1.5. 1º Bacharelato

Neste curso non se establecen lectura obrigatorias, senón voluntarias que poderán incrementar a nota media final até un punto. As lecturas son:

- 1º trimestre: *Guía de campo da Galicia encantada* de Antonio Reigosa (ed.).
- 2º trimestre: *O Reino medieval de Galicia*. Crónica dunha desmemoria de X.M. Andrade Cernadas e Anselmo López Carreira.
- 3º trimestre: un/nha autor/a ou acontecemento histórico do s. XIX; a concertar co/a docente.

4.1.6. 2º Bacharelato

Neste curso debido ao apertado calendario do curso que marcan as probas de Selectividade, non se realizará a lectura completa de ningunha obra. Durante todo o curso traballaremos con tipoloxía textual diversa que facilite o desenvolvemento da capacidade lectora e de análise crítica.

5. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

5.1. Procedementos de avaliación

En liñas xerais estes son os procedementos que se seguirán para a avaliación:

- Como mínimo realizarase unha proba escrita individual en cada

- avaliación sobre os contidos establecidos no punto 4.
- Un control de lectura a través dunha tarefa oral ou escrita en cada avaliación.
- Un seguimento regular do caderno da clase realizado polo alumnado tanto na aula como na casa
- A realización de diferentes tarefas orais ou escritas establecidas para cada avaliación
- Observación do nivel de lingua galega empregado na aula
- Valoración da actitude cara a lingua e a materia

5.2 Instrumentos de avaliación

Utilizaremos variados instrumentos de avaliación, tendo en conta o tipo de alumnado que nos atopamos.

- O traballo da aula a través do seguimento do caderno de clase
- O grao de participación do alumno ao longo do curso a través das preguntas, exposición de opinións, participación nos debates, etc. que amosan o seu interese pola materia.
- A realización de resumos, esquemas, redaccións, comentarios, traballos, etc.
- A lectura dun libro mínimo por cada avaliación.
- Rúbricas e escalas de observación para avaliar a oralidade
- A orde e limpeza na presentación das tarefas e das probas escritas.
- A corrección ortográfica, gramatical e léxica na redacción das tarefas e probas escritas.

5.3. Criterios de cualificación.

Para decidir a nota de cada avaliación este Departamento establece os seguintes criterios:

5.3.1. ESO

70% Exames trimestrais.

- Os exames serán probas xerais que todos os alumnos dunha aula deberán realizar na mesma data (salvo casos excepcionais xustificadas). Neles farase unha comprobación dos estándares establecidos para o trimestre escolléndose, a criterio do profesor, aqueles que sexan máis significativos para comprobar a consecución da adquisición de capacidades básicas. En cada avaliación deberá realizarse como mínimo un exame, sen prexuízo de que os profesores poidan establecer dous ou máis exames para a avaliación dun trimestre.

- En todas as probas escritas valoraremos a expresión e corrección lingüística ademais do contido.

10% Libro de lectura trimestral

- Ao longo de cada trimestre os alumnos deberán demostrar a lectura de, como mínimo, un libro obrigatorio proposto polo profesor/a. Da lectura deste libro deberán dar conta nunha proba específica (oral ou escrita).
- En caso de o profesor ou a profesora optar por realizar de modo oral as probas de lectura obrigada poderá, nesa mesma proba, avaliar o nivel de lingua empregado.

10% A oralidade.

- A proba de competencia oral poderá realizarse, á parte das notas de aula tomadas sobre o bloque 1, a través da comprobación de lectura de libros obrigados, nos casos en que os profesores decidan realizala de forma oral ou mediante a realización de exposicións orais, en presenza dos seus compañeiros, sobre un contido ou un aspecto da programación oficial, segundo o criterio do profesor ou profesora.
- En calquera dos casos a exposición oral permitirá á profesora ou profesor avaliar o desenvolvemento das capacidades da alumna ou alumno no que respecta aos contidos do Bloque 1 (Falar e escoitar). Na avaliación da exposición ou proba oral entrarán a se considerar tanto os aspectos teóricos da presentación como os lingüísticos orais, (adequación ao nivel, vocabulario, claridade expositiva, fonética, corrección gramatical, etc) como a claridade expositiva e a capacidade de controlar as propias emocións durante a exposición. É así que se avaliarán estándares de aprendizaxe (e os contidos correspondentes) como os referidos á capacidade de uso e planificación do discurso oral, os referidos ao discurso oral espontáneo, á argumentación e os da revisión do proceso de elaboración así como os referidos á procura e contraste de información, planificación e presentación de discursos orais.

10% O traballo do alumnado durante o trimestre. Valoraremos neste apartado as:

- Intervencións na aula: (respostas a preguntas xerais ou particularizadas, aclaracións a outros compañeiros, aplicación de coñecementos adquiridos para solucionar dificultades que poidan xurdir etc.
- Exercicios de aula. Durante as sesións académicas aos alumnos poderáselles encargar realizar traballos ou exercicios de diversa índole

propostos polo profesor, colectivos ou individuais, con resolución oral, escrita, ou dixital.

- Exercicios externos. Son actividades realizadas polos alumnos en solitario, fóra da actividade regrada no centro, a proposta do profesor, relacionados cos contidos tratados na aula (comentarios, test, esquemas, resumos, elaboracións de textos de diverso tipo...). En todo caso procurarase que todos os alumnos teñan un mínimo de exercicios avaliados por avaliación
- Actitude do alumnado respecto da materia e da lingua.

5.3.2. Bacharelato

5.3.2.1 1º Bacharelato

70% Exames trimestrais.

- En cada avaliación haberá unha o máis probas escritas sobre os contidos da materia atendendo ao cumprimento dos criterios de avaliación. Estas probas versarán esencialmente sobre os contidos e destrezas que se desenvolveron durante ese período do curso e de acordo coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas.
- Nelas, o alumnado demostrará que adquiriu os contidos mínimos e as competencias esixidas no curso correspondente de Lingua e Literatura Galega. Os exames constarán de preguntas concretas sobre os contidos dos 3 bloques de cada curso: lingua, literatura e lingua e sociedade. Ademais as probas medirán a competencia escrita, tanto a través das cuestións anteriores como a partir de textos para comprensión e expresión.
- En todas as probas escritas valoraremos a expresión e corrección lingüística ademais do contido

20% Comportamento, actitude e traballo. Valoraremos neste apartado:

- Realización das tarefas propostas, alén do seu nivel de corrección, presentación, etc.
- Emprego de fontes de documentación, hábitos de traballo e de estudo diario
- Corrección e valoración dos textos elaborados na aula ou na casa(esquemas, resumos...)
- Actitude do alumnado ante a materia, grao de participación valoración e uso da lingua galega.
- Realización de traballos voluntarios de pescuda de información; lecturas opcionais, exposicións na aula, debates, etc.

Un modelo de escala de observación podería ser

COÑECEMENTO E USO DA LINGUA GALEGA	INSTRUMENTOS E MATERIAIS PARA A AVALIACIÓN
Actitudes e uso da lingua galega na clase	<ul style="list-style-type: none"> • Escala de observación e valoración de actitudes (participación activa en traballos colaborativos, participación construtiva nos intercambios comunicativos, etc.). • Escala de observación e valoración de comprensión e expresión oral (uso da lingua galega como instrumento de comunicación para interactuar cos seus compañeiros e co profesor, expresión fluída, respecto polos patróns fonéticos do galego...)
Comprensión e expresión escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas e actividades escritas presentadas en soporte papel ou dixital: actividades de completar, de relacionar, de interpretación de gráficas, esquemas, táboas... • Cadernos e/ou apuntamentos • Probas específicas que inclúen: ditados, resumos, redaccións, comentarios, desenvolvemento de temas. • Exames e controis: tema, pregunta curta, preguntas de resposta múltiple e de resposta aberta, comentarios, composición de textos, etc.
Comprensión e expresión oral	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación académica oral (PAO) ante os compañeiros • Escala de observación da comprensión e expresión oral para a valoración de lecturas expresivas (diálogos, relatos, poesías...) na clase. • Escala de observación da comprensión e expresión oral para a valoración das intervencións en debates e conversacións cos compañeiros na clase e en actividades extraescolares.
Comprensión	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura de obras literarias e de xéneros dos

lectora	<p>ámbitos académico e dos medios de comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resumo escrito e/ou oral dos textos lidos • Traballos escritos sobre aspectos determinados dunha obra presentados en soporte papel ou dixital • Recensións en soporte papel e dixital
Produción de textos	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos escritos sobre temas curriculares ou sobre temáticas de interese social e/ou cultural • Artigos, entrevistas, noticias, relatos, poesías... creados para a súa publicación na revista do centro • Relatos, poesías... creados para presentar a concursos tanto do propio centro coma doutros organismos e institucións. • Recensións elaboradas para interactuar en foros, blogs e clubs de lectura • Creacións audiovisuais: videopoemas

10% oralidade.

A competencia oral do alumnado, correspondente ao bloque de expresión oral e comprensión oral, avaliarase mediante a observación diaria das súas intervencións na aula e nas exposicións orais tanto individuais como en grupo ou en parella. Para este fin empregaremos escalas de valoración cos seguintes criterios: adecuación, interacción, coherencia e cohesión, pronuncia e entoación, gramática e léxico.

Achegamos o seguinte modelo de valoración:

<p>Escala de valoración da expresión oral</p> <p>Alumna/o:</p>					
Escala	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIA E	GRAMÁTICA	LÉXICO

			ENTOACIÓN		
1	Imperfeccións no emprego do rexistro e no desenvolvemento do contido.	Información confusa e mal distribuída. Erros no uso de conectores.	Pronuncia confusa, con dificultades no sistema fonolóxico que dificultan a comprensión.	Estrutura morfosintáctica con numerosas incorreccións.	Léxico insuficiente e incorrecto.
2	Vacilacións no emprego do rexistro ou no desenvolvemento do contido Pouca habilidade no inicio, mantemento e remate dunha conversa.	Información confusa con pausas e dúbidas. Vacilación no uso de conectores.	Pronuncia con dificultades no noso sistema fonolóxico .	Estrutura morfosintáctica con incorreccións frecuentes.	Léxico insuficiente ou incorrecto, referido a situacións cotiás.
3	Adecuación á finalidade do acto comunicativo e emprego de técnicas sinxelas para o mantemento dunha conversa, con certas vacilacións.	Información organizada e emprego de conectores frecuentes, con algunhas dúbidas ou pausas.	Pronuncia clara pero con dificultades na pronuncia dalgúns fonemas específicos do galego.	Estruturas correctas morfoloxicamente, con algún erro ocasional.	Léxico suficiente en situacións e temas cotiás, pero cun repertorio un pouco limitado.
4	Adecuación á finalidade do acto comunicativo cun rexistro e un contido axeitado. Mantemento dunha conversa con corrección e naturalidade.	Información coherente nas intervencións, empregando os conectores textuais con fluidez.	Pronuncia clara e axeitada ao noso sistema fonolóxico.	Emprego correcto das estruturas morfosintácticas .	Léxico suficiente e variado referido a diferentes situacións.
NON APTO: 1 e 2 // APTO: 3 e 4					

5.3.2.2. 2º Bacharelato

90% Exames trimestrais.

- Nos exames trimestrais farase unha comprobación dos estándares considerados fundamentais. En cada avaliación realizarase un exame único, agás na 1ª avaliación que terán dous para axudalos na adaptación do novo curso.
- En todas as probas escritas valoraremos a expresión e corrección lingüística ademais do contido, aplicando o criterio utilizado na Selectividade.

10% Traballo do alumnado durante o trimestre

- O alumnado deberá ter entregado en cada avaliación tarefas de diferente índole (comentarios, esquemas, exercicios..) que serán avaliados neste apartado.
- Análise da expresión oral do alumnado. A súa utilización é indispensable na aula.

Na ESO e no Bacharelato **a nota de cada avaliación** será a suma de cada un dos apartados sinalados. A ponderación da nota do XADE será á centésima.

A nota final do curso resultará da media aritmética dos resultados das tres avaliacións.

- Os alumnos que obtiveren 5 ou máis puntos desta media aritmética das notas trimestrais estarán aprobados e non terán que realizar ningunha proba escrita máis (exame final). Os alumnos con notas igual ou superior ao 5 que teñan realizado as probas de lectura voluntaria de libros ou traballos voluntarios sumarán **até un máximo de un punto** por estas tarefas, á nota final de curso.
- Se a media das tres avaliacións é unha nota inferior a 5 puntos, deberá realizar unha proba escrita (exame final). Esta proba será deseñado para avaliar os estándares e capacidades básicas. Na ESO e no 1º BACHARELATO o exame poderá ser só do trimestre ou trimestres suspensos segundo o criterio do profesor ou profesora. En 2º de Bacharelato esta proba será de toda a materia do curso.
- En todos os casos a nota obtida na proba escrita será a nota final do curso, se ten que recuperar todos os trimestres, ou fará media cos outros trimestres que teña superados.
- Porén, se a nota media fose de 4 e ao longo do curso tivese realizado proba de un ou dous libros voluntarios ou traballos a puntuación

obtida, poderá sumarse á media e, de ser igual ou superior a 5 o resultado final, aprobar sen ter que presentarse ao exame final.

Na **convocatoria extraordinaria de setembro** a proba axustarase aos mínimos esixibles que constan na programación. A proba estará puntuada sobre dez puntos e para aprobar terán que ter un cinco.

6. Recuperación e avaliación da materia pendente.

6.1. Contidos.

Os contidos mínimos para recuperar a materia pendente son os expostos no apartado 4 desta programación.

6.2. Programa de reforzo para a recuperación da materia pendente dos cursos anteriores.

6.2.1. ESO

Como mecanismo de axuda e repaso da materia o alumnado traballará cos *Cadernos de traballo de Lingua e Literatura galega* do curso que corresponda. As tarefas serán corrixidas polo profesor do curso actual do alumno. En ningún caso a realización destas tarefas será un medio para superar a materia pendente.

6.2.2. Bacharelato

Como mecanismo de axuda e repaso da materia dada no curso de 1º o profesor ou profesora encargado da docencia no nivel poderá fornecer as alumnas e alumnos dun caderno de exercicios que será depositado na conserxería do centro para que poidan fotocopiálo se así o consideraren oportuno. En ningún caso a realización deste caderno será un medio para superar a materia pendente, nin substitúe as convocatorias de exames para alumnos con materias pendentes nin o da convocatoria extraordinaria de setembro.

6.3. Avaliación .

6.3.1. ESO

- Se o alumno aproba as dúas primeiras avaliación do nivel que está cursando, automaticamente terá aprobada a materia pendente.
- Se o alumno non aproba as avaliacións do curso actual, deberá realizar o exame da convocatoria de maio, cun valor de 10 puntos.

Para superar a materia deberá ter un cinco.

6.3.2. Bacharelato

- O alumnado coa materia de 1º suspenda terá que realizar unha proba no mes de xaneiro cos mínimos contidos na programación. Esta proba será valorada sobre 10 puntos e para superar a materia deberá ter un cinco.
- Se o alumno/a non aproba o exame realizado no mes de febreiro, deberá presentarse ao exame da convocatoria de maio. A proba que se realizará terá un valor de 10 puntos e para a súa superación é necesario obter 5 puntos.

Se algunha alumna ou alumno non superase os mínimos exixidos para promocionar despois de realizar as probas para alumnos con pendentes de xaneiro e maio, destinadas a recuperar a materia pendente deberá realizar unha proba escrita extraordinaria nos primeiros días do mes de setembro, segundo o calendario que estableza a X.E. do centro.

A materia de 2º de bacharelato é chave coa de 1º de bacharelato, de xeito que aquel alumnado que non supere a materia pendente na convocatoria de maio e teña a de 2ª aprobada, non é posible a súa avaliación. Así pois deberá realizar tamén en setembro o exame da materia de 2ª.

7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

7.1 Rexistro para a auto-avaliación do profesorado: Planificación

- Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
- Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
- Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes
- Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
- Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
- Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación

e auto-avaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.

- Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

7.2. Rexistro para a auto-avaliación do profesorado:

Motivación do alumnado

- Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
- Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
- Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
- Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
- Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
- Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
- Promove a reflexión dos temas tratados.

7.3. Rexistro para a auto-avaliación do profesorado:

Desenvolvemento do ensino

- Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
- Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
- Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
- Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
- Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
- Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
- Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
- Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
- Propón actividades grupais e individuais.

7.4. Rexistro para a auto-avaliación do profesorado:

Seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
- Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.

- Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
- Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
- Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
- Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
- Favorece os procesos de auto-avaliación e co-avaliación.
- Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
- Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
- Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
- Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais

8. A Avaliación inicial.

Ao longo do mes de setembro e outubro, realizarase a avaliación inicial do alumnado tendo en conta os seguintes procedementos:

- Realización dunha proba escrita que recolla os contidos mínimos do curso inmediatamente anterior. Este ano este aspecto é fundamental ante as peculiaridades do curso anterior.
- Realización de lecturas coa fin de avaliar as súas destrezas lectoras (velocidade, dicción, comprensión...)
- Elaboración de textos co obxecto de observar os diferentes aspectos lingüísticos: adecuación, coherencia, cohesión, respecto das normas, etc.

Esta avaliación é esencial para detectar e poder aplicar as medidas individuais de atención á diversidade alén de detectar aquelas carencias nas aprendizaxes e competencias que non se impartiron no curso 2019-2020.

8.1. Análise das aprendizaxes imprescindible que non se impartiron no curso 2019-2020

A excepcional situación académica vivida o curso pasado, fainos ter que adaptar a nosa práctica docente a un enfoque aínda máis competencial que teña en conta todas aquelas aprendizaxes non adquiridas durante o pasado curso. Neste senso a avaliación inicial mais os informes individualizados do alumnado serán esenciais para realizar unha análise real e obxectiva das aprendizaxes a traballar.

No 1º trimestre do curso tanto na ESO coma no Bacharelato e tras a análise e estudo da avaliación inicial, iremos incorporando todos aqueles aspectos imprescindibles para o desenvolvemento das competencias clave.

Nos informes individualizados do curso 2019- 2020 aparecen xa de xeito individualizado todas elas que se conforman do seguinte xeito por cursos:

En 1º da ESO afondaremos na competencia lingüística facendo fincapé na comprensión lectora e na expresión escrita, pois non dispomos datos das aprendizaxes que non foron impartidas.

En 2º da ESO durante o 1º trimestre traballaremos cos contidos gramaticais non impartidos(pronome, verbo, adverbio, conectores) esenciais para o desenvolvemento da competencia lingüística. Reforzaranse aspectos como a acentuación e os signos de puntuación.

En 3º da ESO durante o 1º trimestre traballaremos sobre os aspectos básicos do comentario literario de poemas e reforzaremos os contidos gramaticais(o verbo, e conectores, a acentuación e signos de puntuación).

En 4º da ESO durante o 1º trimestre traballaremos sobre os aspectos básicos do comentario literario tanto en prosa coma en verso e reforzaremos aspectos como a acentuación, signos de puntuación e os erros frecuentes na redacción.

En 1º de Bacharelato durante o 1º trimestre traballaremos os aspectos básicos do comentario literario en verso, traballaremos os erros frecuentes na redacción(castelanismos, redundancias, orde non lóxica dos elementos oracionais..) e reforzaremos os aspectos gramaticais que se precisen.

En 2º de Bacharelato durante o 1º trimestre tentaremos analizar os aspectos non impartidos(a literatura medieval, a situación dos Séculos Escuros e o Rexurdimento) para poder contextualizar as producións literarias do século XX.

A metodoloxía será activa buscando sempre a través da produción de textos a reflexión e corrección das súas producións.

9. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria e no Bacharelato ben estar orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Habitualmente achamos nos diversos grupos alumnas e alumnos que manifestan problemas para seguir o ritmo normal do curso. Isto pódese deber a diversas causas: carencias arrastradas de cursos anteriores, problemas de aprendizaxe por limitacións de calquera tipo, falta de interese ou de integración, etc.

Un dos casos que máis se deben ter en conta, dentro do capítulo de persoas con limitacións de aprendizaxe que deben ser atendidas con recursos especiais, é o do alumnado procedente de países nos que non se fala a lingua galega, pois sen dúbida o descoñecemento do idioma de ensino é unha primeira e importante dificultade para enfrontarse á materia.

É preciso contar con ferramentas que busquen, nun primeiro momento, a integración plena deste alumnado nas aulas de LGL, e, nun segundo momento, lles faciliten a adquisición gradual das claves do idioma e as ferramentas para o seu manexo instrumental e o coñecemento da súa gramática.

Un problema de partida é a enorme diversidade de casos que se poden dar en alumnado de procedencia foránea, que podemos agrupar do seguinte xeito:

- Alumnos de procedencia lingüístico-cultural dispar, con coñecementos moi elementais ou inexistentes dun idioma vehicular común que poida servir para a comunicación co profesorado e cos compañeiros. Dentro deste grupo diferenciaríamos:
 - Aqueles que carecen por completo dunha lingua vehicular que sirva de medio transmisor no noso ámbito (galego, castelán, francés, inglés...). Adoitan entrar neste caso alumnos de orixe árabe, oriental, Europa do leste, África...
 - Aqueles alumnos que, procedentes das mesmas latitudes, posúen rudimentos dunha lingua que pode actuar como vehicular (galego, castelán, francés...).
 - Alumnos procedentes do resto do Estado, de Iberoamérica ou de países próximos de Europa, que teñen o galego, o portugués ou ben o castelán como lingua propia. Neste grupo incluíranse alumnos do grupo a) con coñecementos amplos dalgún destes idiomas.

Existen aínda outros factores que, ao combinalos cos anteriores, complican máis o panorama. Son o nivel académico global no que se incorporan ao instituto e o número de cursos de LGL que teñan realizado antes, que os fornecerá dun maior ou menor grao de coñecemento da nosa lingua e de integración co resto do alumnado.

En consonancia con estas dificultades e, sobre todo, coa complexísima casuística que se dá no ámbito da diversidade, a adaptación da

Programación Xeral será en moitos casos unha prerrogativa e un traballo de cada profesor/a, que será quen deba diagnosticar a situación de partida de cada alumno en base a unha avaliación inicial, e a partir de aí desenvolver estratexias de integración e de aprendizaxe con actuacións personalizadas, que por norma xeral implicarán unha redución dos contidos e das esixencias con relación ao previsto na Programación Xeral.

Obviamente, a aplicación das medidas que se programen estará supeditada á atención xeral ao grupo, sempre prioritaria. No caso de tratarse dun grupo de alumnos problemático ou de baixo nivel, a atención que requiren os alumnos do ámbito da diversidade pode verse limitada. Polo contrario, de tratarse dun grupo de bo nivel, o ambiente de traballo e a solidariedade poden axudar enormemente a que estas persoas progresen na materia.

Para Lingua e Literatura de ESO, contémplanse actividades de atención á diversidade no propio libro do alumnado, contra o final de cada unha das unidades. A maiores, poderán usarse materiais (como a Proposta didáctica do libro de texto) para facilitar o traballo co alumnado que presenta meirandes dificultades de aprendizaxe. As ditas actividades están adecuadas ao currículo vixente para cada nivel da ESO e non alteran os seus obxectivos, competencias clave, contidos, estándares de aprendizaxe avaliados e criterios de avaliación, senón que os adaptan para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe e ás características individuais e os estilos de aprendizaxe que poida presentar o alumnado.

Como medida de atención á diversidade xeral en 2º da ESO hai un reforzo de lingua galega cunha carga horaria de dúas horas, para aquel alumnado que non cursa a materia de francés.

10. Actividades complementarias e extraescolares.

O curso actual presenta unha idiosincrasia moi particular por mor da COVID-19, de xeito que moitas actividades que se programaban habitualmente, non se realizarán este curso.

Contemplaremos a posibilidade de efectuar encontros con algún escritor vía telemática, e continuar en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística participando nos certames literarios do centro e da contorna.

11. Alumnado en corentena, Educación a distancia ou semi-presencial.

Empregaremos dúas plataformas de tele-docencia en función do curso no que estea matriculado o alumno/a.

- Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA), para o alumnado de 1º e 2º

ESO.

- Aula virtual do centro, para o alumnado (3º,4º ESO e BAC)

A ferramenta oficial para soporte docencia en-liña é Webex de grande utilidade:

- Permite xerar links para as sesións que podemos engadir nos foros.
- Permite compartir contido (presentacións, ficheiros, etc.) pantalla e aplicacións, así coma o emprego dun encerado interno.

11.1. Metodoloxía

Cómpre organizarmos ben a información e presentar as instrución das actividades e das clases. Nas instrucións deben quedar ben claros os seguintes aspectos:

- Tarefa a desenvolver
- Tempo da súa realización e data límite de entrega
- Materiais complementarios para a súa realización (se é o caso)
- Material de apoio para a súa realización
- Criterios de avaliación da actividade
- Día e hora da sesión on-line

Para recoller os traballos ao alumnado podemos utilizar diferentes actividades segundo as necesidades. Poden ser:

- Tarefas aula virtual (permite colgar a tarefa a realizar e crear un lugar onde os estudantes entreguen o traballo)
- Taller (para a realización de traballos en grupo)
- Cuestionario para realizar test de avaliación de coñecementos con diferentes modelos de preguntas.

Cando a docencia se imparta mediante videoconferencia, aterase á duración prevista na clase presencial. Se a docencia é en formato texto, debe ter unha linguaxe directa e intelixible e a extensión debe axustarse á carga horaria diaria ou semana da materia.

Debemos ter presente a fenda dixital por iso, convén gravar as sesións de docencia para evitala na medida do posible. Tamén cómpre detectar as

carencias funcionais para garantir un ensino en-liña inclusivo.

11.2. Comunicación

A comunicación co profesorado realizarase a través das seguintes canles:

- Tanto na Aula Virtual como no EVA o alumnado dispón dun servizo de mensaxes para contactar no caso de dúbidas ou outras cuestións.
- Alén disto, todo o alumnado e profesorado do centro conta cun enderezo de correo electrónico corporativo administrado polo centro.
- Comunicación coas familias a través do Abalar móbil.

11.3. Avaliación

Toda a información relacionada co desenvolvemento da materia foi transmitida ao alumnado nas primeiras semanas do curso (contidos, temporalización, criterios de avaliación e cualificación, etc.)

Con carácter xeral, aplicaranse **os mesmos criterios de cualificación** que os establecidos nesta programación para o **ensino presencial e semi-presencial**.

No caso de que acontecera unha nova situación de confinamento e illamento os criterios de cualificación serían os seguintes:

Na ESO

- **60%** Probas orais e escritas
- **40%** Traballo realizado

No Bacharelato

- **70%** Probas orais e escritas
- **30%** Traballo realizado

Sen máis asuntos que tratar asina esta programación

En Pontevedra, 30 de setembro de 2020

A xefa de departamento,

Fdo.: Rosa Monné Enríquez